

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA PARA A COLABORACIÓN NOS GASTOS DA XESTIÓN DO MUSEO FERNANDO BLANCO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura formalizou coa Fundación Fernando Blanco de Lema o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Fernando Blanco de Lema para a colaboración nos gastos da xestión do Museo Fernando Blanco.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa o Museo Fernando Blanco, e é a Fundación Fernando Blanco de Lema a encargada de dar a coñecer a figura de Fernando Blanco de Lema, así como de garantir a conservación, posta en valor e difusión do patrimonio histórico dun dos mais antigos e importantes Institutos de Cee (o actual I.E.S. Fernando Blanco de Cee), mediante a atención e funcionamento do Museo-Colección Fernando Blanco, recoñecido



como Colección Visitable de carácter científico-técnico e artístico polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xuño de 2005.

Por todo o anterior é a Fundación Fernando Blanco de Lema a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

